



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior

---

Proba de

Código

CSPEA05

# Filosofía e cidadanía

---

Filosofía e cidadanía



# 1. Formato da proba

---

## Formato

- A proba constará de 20 cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

## Puntuación

- Puntuación: 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,125 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.

## Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.



## 2. Exercicio

---

### 1. A teoría da evolución de Lamarck é:

---

*La teoría de la evolución de Lamarck es:*

- A** Igual de valiosa que a de Darwin.  
*Igual de valiosa que la de Darwin.*
- B** Errónea, porque as adaptacións de cada individuo non se transmiten xeneticamente.  
*Errónea, porque las adaptaciones de cada individuo no se transmiten genéticamente.*
- C** Máis correcta e axeitada que a de Darwin.  
*Más correcta y adecuada que la de Darwin.*

### 2. A expresión “proceso de hominización” indica:

---

*La expresión “proceso de hominización” indica:*

- A** As transformacións anatómicas e biolóxicas que deron lugar á especie humana.  
*Las transformaciones anatómicas y biológicas que dieron lugar a la especie humana.*
- B** Os cambios e as conquistas culturais acumulados pola especie humana.  
*Los cambios y las conquistas culturales acumulados por la especie humana.*
- C** A conquista e a colonización de todo o planeta por parte da especie humana.  
*La conquista y la colonización de todo el planeta por parte de la especie humana.*

### 3. A linguaxe humana é:

---

*El lenguaje humano es:*

- A** Similar á de moitos animais, pero moito máis extensa.  
*Similar al de muchos animales, pero mucho más extenso.*
- B** Igual que a de moitos animais, xa que todos expresan o que necesitan expresar.  
*Igual que el de muchos animales, ya que todos expresan lo que necesitan expresar.*
- C** Moi diferente á de todos os outros animais, xa que estes non utilizan símbolos.  
*Muy diferente al de todos los otros animales, ya que éstos no utilizan símbolos.*



4. O “etnocentrismo” consiste en:

---

*El “etnocentrismo” consiste en:*

- A** Relativizar todas as culturas.  
*Relativizar todas las culturas.*
- B** Considerar a cultura propia como a máis axeitada e, xa que logo, superior ás outras.  
*Considerar la cultura propia como la más adecuada y, por lo tanto, superior a las otras.*
- C** Afirmar que hai culturas que fixeron algunhas conquistas superiores ás doutras.  
*Afirmar que hay culturas que hicieron algunas conquistas superiores a las de otras.*

5. Os mitos presupoñen:

---

*Los mitos presuponen:*

- A** Que hai unha regularidade nos fenómenos da natureza.  
*Que hay una regularidad en los fenómenos de la naturaleza.*
- B** Que se pode explicar e comprender racionalmente a natureza.  
*Que se puede explicar y comprender racionalmente la naturaleza.*
- C** Que a natureza está gobernada por forzas sobrenaturais imprevisibles para os humanos.  
*Que la naturaleza está gobernada por fuerzas sobrenaturales imprevisibles para los humanos.*

6. Para refutar unha hipótese científica:

---

*Para refutar una hipótesis científica:*

- A** Chega con que a contradiga un caso.  
*Llega con que la contradiga un caso.*
- B** É necesario que a contradigan todos os casos.  
*Es necesaria que la contradigan todos los casos.*
- C** É necesario que a contradigan moitos casos.  
*Es necesario que la contradigan muchos casos.*



7. As conclusións dun razoamento indutivo:

---

*Las conclusiones de un razonamiento inductivo:*

- A** Son máis amplas que o número de casos observados dos que se parte.  
*Son más amplias que el número de casos observados de los que se parte.*
- B** Son menos amplas que o número de casos observados dos que se parte.  
*Son menos amplias que el número de casos observados de los que se parte.*
- C** Son un cálculo lóxico, independentemente do número de casos observados.  
*Son un cálculo lógico, independientemente del número de casos observados.*

8. As teorías éticas que acentúan máis o deber con relación aos outros que a felicidade persoal denomínanse:

---

*Las teorías éticas que acentúan más el deber con relación a los otros que la felicidad personal se denominan:*

- A** Teleolóxicas.  
*Teleológicas.*
- B** Estoicas.
- C** Deontolóxicas.  
*Deontológicas.*

9. A autonomía moral consiste en actuar:

---

*La autonomía moral consiste en actuar:*

- A** De acordo coas normas existentes na propia sociedade.  
*De acuerdo con las normas existentes en la propia sociedad.*
- B** De acordo con criterios nacidos dun razoamento persoal.  
*De acuerdo con criterios nacidos de un razonamiento personal.*
- C** Seguindo os consellos e as indicacións de aqueles que saben máis.  
*Siguiendo los consejos y las indicaciones de aquellos que saben más.*

10. A ética de Kant é:

---

*La ética de Kant es:*

- A** Material.
- B** Materialista.
- C** Formal.



**11.** A idea de “estado de natureza” é:

---

*La idea de “estado de naturaleza” es:*

**A** Un esquema ou hipótese para xustificar e analizar a base en que se asenta o Estado moderno.

*Un esquema o hipótesis para justificar y analizar la base en que se asienta el Estado moderno.*

**B** Unha forma de describir a orixe divina do poder político.

*Una forma de describir el origen divino del poder político.*

**C** A descrición dunha situación que se pode dar dentro dun Estado.

*La descripción de una situación que se puede dar dentro de un Estado.*

**12.** A teoría da orixe divina do poder político perde sentido:

---

*La teoría del origen divino del poder político pierde sentido:*

**A** Coa desaparición da sociedade estamental.

*Con la desaparición de la sociedad estamental.*

**B** Coa aparición da monarquía absoluta.

*Con la aparición de la monarquía absoluta.*

**C** Coa caída do Imperio Romano.

*Con la caída del Imperio Romano.*

**13.** O concepto de “sociedade civil” refírese á esfera da sociedade:

---

*El concepto de “sociedad civil” se refiere a la esfera de la sociedad:*

**A** Non regulada pola relixión.

*No regulada por la religión.*

**B** Non interferida polo Estado.

*No interferida por el Estado.*

**C** Non interferida pola Igrexa.

*No interferida por la Iglesia.*



14. Para Rousseau o estado de natureza era:

---

*Para Rousseau el estado de naturaleza era:*

- A** Unha situación de felicidade e inocencia primitiva.  
*Una situación de felicidad e inocencia primitiva.*
- B** Unha situación de guerra de todos contra todos.  
*Una situación de guerra de todos contra todos.*
- C** Un pacto de respecto aos dereitos de todos.  
*Un pacto de respeto a los derechos de todos.*

15. A democracia grega era:

---

*La democracia griega era:*

- A** Asemblearia.  
*Asamblea.*
- B** Parlamentaria.  
*Parlamentaria.*
- C** Representativa.  
*Representativa.*

16. O liberalismo político introduciu por primeira vez a idea de:

---

*El liberalismo político introdujo por primera vez la idea de:*

- A** División de poderes.
- B** Dereitos sociais e económicos.  
*Derechos sociales y económicos.*
- C** República.

17. A interpretación que o marxismo fai da historia denomínase “materialismo histórico” porque:

---

*La interpretación que el marxismo hace de la historia se denomina “materialismo histórico” porque:*

- A** Exclúe a Deus da historia.  
*Excluye a Dios de la historia.*
- B** Só se ocupa de fenómenos e cuestións puramente materiais.  
*Sólo se ocupa de fenómenos y cuestiones puramente materiales.*
- C** Pon a clave última das explicacións históricas nos procesos materiais de produción.  
*Pone la clave última de las explicaciones históricas en los procesos materiales de producción.*



**18.** O concepto de cidadanía aparece:

---

*El concepto de ciudadanía aparece:*

- A** Coa Declaración Universal de Dereitos Humanos da ONU.  
*Con la Declaración Universal de Derechos Humanos de la ONU.*
- B** Coa aparición do Estado Democrático de Dereito.  
*Con la aparición del Estado Democrático de Derecho.*
- C** Coa implantación da democracia en Grecia.  
*Con la implantación de la democracia en Grecia.*

**19.** A fundamentación filosófica moderna da condición de cidadán baséase:

---

*La fundamentación filosófica moderna de la condición de ciudadano se basa:*

- A** Na fraternidade universal, por ser todos “fillos de Deus”.  
*En la fraternidad universal, por ser todos “hijos de Dios”.*
- B** Na orixe familiar de cadaquén.  
*En el origen familiar de cada uno.*
- C** Na condición de ser racional e autónomo de toda persoa humana.  
*En la condición de ser racional y autónomo de toda persona humana.*

**20.** O problema da globalización e multiculturalismo das sociedades actuais esixe:

---

*El problema de la globalización y multiculturalismo de las sociedades actuales exige:*

- A** Acentuar e defender as identidades nacionais de pertenza.  
*Acentuar y defender las identidades nacionales de pertenencia.*
- B** Construír unha ética cívica de mínimos compartidos entre as diferentes identidades particulares.  
*Construir una ética cívica de mínimos compartidos entre las diferentes identidades particulares.*
- C** Protexer os dereitos da cidadanía nacional fronte a intromisións foráneas.  
*Proteger los derechos de ciudadanía nacional frente a intromisiones foráneas.*